

A Virxe da Soidade e a vila de Cangas: orixes da nosa Semana Santa

Por Luis Martín Carnero Feijóo




As procesións de Semana Santa constitúen un ha forma de expresión da relixiosidade popular propia da cultura hispana, resultado dun longo desenvolvemento nado no século XIV a o amparo das ordes mendicantes, que unido ao nacemento de confrarías fixeron que estas celebracións convertésemse nun elemento central do calendario para a sociedade. O seu nacemento está estreitamente ligado a unha vocación penitencial á vez que catequética, sendo esta última a que tendeu a prevalecer, impulsada, ademais polo Concilio de Trento, que unido ao estímulo das confrarías van contribuír á creación dunha tradición procesional en España que chega ata os nosos días. Coñecer o nacemento das procesións permite comprender non só a idiosincrasia dun pobo, senón tamén as tradicións e os valores, cuxas reminiscencias perviven nos nosos días.

Esta exaltación da fe manifestouse dunha forma particular en Galicia, onde se vai desenvolver nas principais urbes e vilas e vai alcanzar o seu momento álxido no século XVIII. O presente artigo pretende explicar a importancia que tivo no desenvolvemento e creación da Semana Santa da vila de Cangas a devoción á Virxe da Soidade.

A Semana Santa que actualmente vivimos na zona Occidental de Galicia remóntase á etapa final do século XIV e inicios do século XV. É o momento no que se instala neste territorio un novo concepto de relixiosidade e de nova espiritualidade da man dos frades franciscanos e dominicos que naceran xa ao longo da décimo terceira centuria, pois en palabras de Emile Mâle foron estes frades quen ensinaron a Europa a chorar sobre as chagas de Cristo. Outro claro precedente atopámolo na Orde dos Servitas que, fundada na Florencia de 1233, desenvolveu cultos que veneraban á Virxe María durante a Paixón e Morte de Cristo. O xurdimento nesta etapa Baixomedieval da importancia do culto á Paixón de Cristo e ás dores da súa nai veñen dados, ademais, por ser un momento de especial angustia debido á incidencia de enfermidades como a peste negra sobre a sociedade, que van provocar o aumento do medo á morte, obtendo o relixioso en xeral e a Semana Santa en particular unha impronta especial, xa que ademais, a contemplación de Cristo na Cruz promovía a reflexión sobre a Encarnación, dogma e fundamento do cristianismo.

O Concilio de Trento, celebrado entre os anos 1545 e 1563, vai ter un gran impacto nos actos da Semana Santa. Tras este concilio, asistimos a unha multiplicación de confrarías, a unha maior participación dos concellos no desenvolvemento das actividades relixiosas e a máis pompa e complexidade nas celebracións. Isto é así na medida en que o Concilio afirma con respecto a o culto das imaxes, o cal era rexeitado polo protestantismo, que debían de terse, conservarse e venerarse nos templos as imaxes de Cristo, da Virxe e dos Santos.

No século XVII a Semana Santa empeza a despegar como a principal manifestación relixiosa dos católicos e cun gran fervor barroco debido á Contrarreforma. Ademais, asistimos a un cambio importante de paradigma no que a penitencia perde valor fronte á catequese que se pretende ofrecer ao pobo a través das procesións, valor que como xa vimos, emana do Concilio de Trento. Isto é o que sen dúbida explica que se fosen enriquecendo as procesións coa incorporación de novas imaxes relixiosas que conmemoraban a paixón de Cristo. Cabe destacar que a procesión do Santo Enterro vai adquirir neste século un carácter de maior importancia para acabar sendo a procesión oficial no século XIX. O século XVII é tamén



o momento no que os Vía Crucis cobran unha maior importancia, especialmente naqueles lugares con presenza da Venerable Orden Terciaria (VOT). Era unha práctica piadosa introducida polos frades franciscanos en Terra Santa e que pronto se estendera por toda a cristiandade chegando ata os nosos días. Os Viacrucis podíanse celebrar no interior dos templos ou polas rúas, conformando un método catequético inigualable que transmitía aos fieis a Paixón de Cristo e que arraigou enormemente en Galicia.

O tema iconográfico da Soidade de María ten as súas raíces na Virxe das Dores, unha devoción moi antiga e arraigada por toda Europa. A devoción á Virxe María na súa Soidade é unha devoción considerada singularmente española que representa a última das Sete Dores que padeceu a Virxe María trala morte do seu fillo, un tema moi barroco e de grande espiritualidade.

Os inicios desta iconografía podemos atopalos na imaxe que a Raíña Isabel de Valois lle regalou ao Convento da Victoria de Madrid no ano 1565. Unha imaxe de vulto, esculpida por Gaspar de Becerra, que representa á Virxe con rostro consternado e choroso, coas mans entrecruzadas e implorantes pola morte do seu fillo, o que supuxo o inicio dunha nova tipoloxía de imaxe mariana. A imaxe realizada por Becerra estaba concibida para ser vestida e sacada en procesión. Un dos trazos máis identificativos da imaxe foi o seu atuendo, atribuído á iniciativa da Condesa de Ureña, camarera maior da Raíña de España, no que a Virxe vestía de loito, con tiara (e non coroa) e acompañada de Arma Christi -símbolos da Paixón-. Ademais, hai que sinalar que o éxito da súa devoción viu dado sen dúbidas pala participación desta imaxe na Semana Santa cortesá de Madrid.

O seu culto vaise espallar por toda España, a peninsular e a americana; pero a Santiago de Compostela chegará de forma temperá, no ano 1585, momento no que se decide celebrar unha procesión na honra da Virxe na súa Soidade pola Confraría da Quinta Angustia. Non obstante, será o século XVII o momento de esplendor desta devoción e tamén o do seu espallamento por toda Galicia.

A primeira representación da Virxe da Soidade chega dende Madrid ata Santiago en 1666. Tratábase dunha imaxe de vestir que se situaría no trascoro da Catedral compostelá, onde alcanzou unha gran sonda e devoción. De feito, cando no ano 1713 Pablo Mendoza de los Ríos visitou a Catedral de Santiago, detívose no retablo da Virxe da Soidade e dixo "que nunca había visto una Soledad más acompañada" en alusión a o gran número de fieis que oraban ante Ela, síntoma da gran devoción que se lle tiña. Este modelo iconográfico de culto á Virxe, será o que chegue tamén á Coruña no ano 1674 e a Tui no 1694. É imprescindible entender que nas devocións tamén existe o factor da tendencia, e iso é o que fai que a devoción á Soidade de María se irradie por case todos os recunchos de Galicia chegando a contar cunha imaxe desta devoción en case todas as parroquias.



É interesante sinalar o retablo barroco que alberga na Catedral de Tui a imaxe da Soidade polo patrón que representa na disposición das imaxes. Feito en 1694 por Domínguez Bugarín está composto pala talla da Virxe nun camarín central, baixo o cal se sitúa a imaxe de Cristo Xacente. Ambas imaxes serían as utilizadas nos principais ritos da Semana Santa tudense, coma a función do Desencravo ou a procesión do Santo Enterro. En termos xerais, constituíu a partir de finais do XVIII esta dupla de imaxes un básico para ter en todas as parroquias e poder honralas da mellor forma, recordando a Paixón do Noso Señor e escenificándoa ante todos os fregueses.

Se nos detivemos a comentar o exemplo da catedral de Tui era para comparalo co retablo que alberga á Soidade en Cangas. O noso retablo, de estilo neoclásico e que probablemente substitúa a un anterior de estilo barroco, ten tres fornelas e alberga no camarín central á Virxe da Soidade. Baixo este camarín están incorporadas as Santas

Ánimas do Purgatorio e inmediatamente debaixo está o Cristo Xacente. Neste sentido estamos a observar as dúas primeiras imaxes que constituíron a procesión orixinal do Santo Enterro de Cangas no século XVII.

Podemos dicir que en Cangas, a devoción mariana asociada á Paixón nace nese século XVII, cando chega a nosa vila a imaxe da Virxe da Soidade e xorde unha Confraría na súa honra, seguindo sen dúbida a tendencia que se estaba a dar por toda Galicia.

Sería ademais esta confraría a encargada de traer a Cangas a gran devoción ás Dores de María, que xurdiría pouco despois. Se nos preguntamos cal era o papel desta asociación piadosa en Cangas, as respostas son bastante difusas debido a que a confraría non se chegou a aprobar de forma oficial e apenas temos documentación, mais a súa estreita vinculación coa Semana Santa é clara. Ademais, tamén sabemos da importancia do Cristo Xacente que se alberga baixo a Soidade, en parte pola cantidade de manchas de cera que sobre el tiña ata unha recente intervención, froito dunha antiga devoción que evidentemente entroncaría coa súa saída procesional como primeiro Cristo Xacente da Semana Santa canguesa.

Hai dous motivos que nos levan a afirmar que a Confraría da Soidade era a encargada de realizar o Santo Enterro:

En primeiro lugar, porque a imaxe da Soidade é a que dende que existen referencias pecha a procesión do Santo Enterro o Venres Santo á tarde e así segue a selo na actualidade. En segundo lugar, porque en 1748, ao fundarse unha nova Irmandade, a da Virxe das Dores, vai absorber á da Soidade, con todos os seus bens e caudais. A partir desta data é a Irmandade das Dores a encargada de realizar non só a función do Santo Enterro, senón tamén a do Descendemento, tras obter neste tempo unha nova imaxe de Cristo Xacente articulada que se utilizaba para a súa escenificación. Disto temos constancia pala relación de bens de 1763 e 1764 entre os que se detallaban o Santo Cristo do Descendemento, unha urna para o Santo Enterro, unha anda para a Virxe, un par de diademas de prata, un manto para a Virxe da Soidade no Venres Santo ... Ademais, isto vén constatar que era a Soidade a que saía o Venres Santo en Procesión e que era a Irmandade das Dores a encargada da función do Descendemento e da posterior procesión do Santo Enterro.

A nova imaxe de Cristo Xacente, articulada, feita a mediados do século XVIII vai quedar sen uso en 1877, momento en que a Confraría da Misericordia encarga novas tallas a Ignacio Cerviño co fin de darlle maior pulo á nosa Semana Santa. Na actualidade, o Cristo Xacente articulado da Irmandade das Dores atópase na Sancristía da Igrexa de Cangas e escenifica o paso da Piedade de María que sae na procesión do Santo Enterro, de forma que podemos dicir que se mantivo o fin para o que foi concibido, que era procesionar no Santo Enterro.



En definitiva, o que debemos de ter claro é que a actual procesión do Santo Enterro que celebramos na tarde dos Venres Santo, se orixina na décimo sexta centuria e que a imaxe da Virxe da Soidade segue dende entón e ata actualidade pechando a procesión, máis de tres séculos despois, o que debería facernos reflexionar da importancia que para esta vila mariñeira tivo sempre a súa devoción e que conformou as orixes da nosa benquerida Semana Santa.

**(Publicado en: “Venerable Hermandad de la Stma. Virgen de los Dolores y la Soledad”.
Marzo, 2024. Cangas.)**